

SPRAY FESTA MONSTRUOSA

As nenas e nenos de Educación Infantil queremos convidarvos a nosa exposición artística na Casa da Cultura de Valdoviño.

O alumnado de Educación Infantil vólvenos a sorprender cunha exposición de arte e graffiti que non deixará indiferente a ninguén. Con esta exposición culminan un proxecto que xurdiu da busca de traballar o Samaín, os medos e os seres fantásticos desde unha vertente artística.

Inspirados na obra de Olga de Dios e armados con sprays, pinceis, esponxas, cepillos e todo tipo de útiles dan vida a unha morea de monstros cargados de valores coma o respecto á diversidade, a amizade e o coidado do medio ambiente.

Os nenos e nenas deron vida a este proxecto participando en tódalas tomas de decisión, deseño do cartel, invitacións, papeletas, escribindo cartelas e colocando as súas obras.

Ademais podeades participar na iniciativa solidaria pola que a cambio dunha aportación, libre e voluntaria destinada a poboación da Palma entraredes no sorteo dunha das obras colectivas expostas.

O resultado final pódese ver do 15 ao 30 de novembro na Casa da Cultura.

Os horarios son:

Mañás de luns a domingo : De 12,00h a 14,00h

Tardes de luns a sábado : De 17,00h a 19,00h

